



A cesión das competencias do lixo á Deputación encarecerá o recibo

O PP amenaza de volta os petos dos veciños

O Concello de Barro acordou, cos votos do PP, delegar na Deputación todas as competencias relativas ao servizo de recollida e tratamento do lixo.

Isto significa que o PP lle dá un cheque en branco á Deputación para a xestión do servizo do lixo, con dúas consecuencias claras. A primeira, que suporá un incremento do recibo que pagamos todos os veciños e veciñas. E a segunda, porque tal e como está asinado o convenio non hai nada que garantice unha mellora no servizo; nin sequera que se manteña como está na actualidade. Por estes dous motivos, e porque non se contempla a reciclaxe dos residuos orgánicos, o BNG votou en contra no Pleno.

Pagar moito máis por un servizo pior

Se algo chama atención no convenio asinado é que desaparecen todas as estimacións de prezos (entre 60 e 85 euros por vivenda no rural) e de número de recollidas semanais a realizar, que si aparecían no primeiro borrador.

Polo tanto o goberno municipal aprobou un convenio polo que a Deputación pode facer o que lle pete, tanto na frecuencia da recollida como no prezo que terán que soportar os veciños e veciñas. O único que está claro é que se cita explicitamente é que “a adhesión ao presente servizo suporá un aumento

do importe das taxas que actualmente cobran os concellos”.

A factura para despois das municipais

Iso si, o PP non quere outra suba drástica do recibo do lixo antes das vindeiras eleccións municipais, por si lle pasa factura, e acordou que as taxas definitivas non se comezarán a cobrar até xaneiro de 2016. É dicir, unha vez pasen as vindeiras municipais.

Un convenio temerario

A alguén de vós se lle ocorrería asinar, poñamos por caso, o contrato para o aluguer dunha vivenda sen que se contemplen as condicións e o prezo do aluguer? Abofé que non. Pois a administración tampouco debería.

A deixación de funcións do Concello de Barro levará consigo non só que os veciños e veciñas teñamos que pagar moito máis senón tamén unha perda absoluta de control sobre a calidade do servizo, comezando pola periodicidade da recollida. A que se debe tanto escurantismo? Moito nos tememos que a que non se atreven a dicir ás clara que imos ter un servizo de recollida do lixo peor e moito, moito, máis caro.

O mercadillo dos domingos: outro fracaso do PP

O que no seu día foi calificado polo propio alcalde de Barro como exemplo da súa boa xestión á fronte do Concello rematou como tiña que rematar: cun fracaso absoluto e unha débeda moi importante dos organizadores co Concello.

No seu momento, cando se negociou a xestión do mercadillo con esa empresa, o PP xa sabía dos problemas que esta xente ocasionara noutros concellos anteriormente. E en Barro non ía ser menos.

Deixadez ou compricidade ?

Desde o primeiro momento, a empresa incumpríu as súas obrigas: non abonou as taxas ao Concello -a pesar de que si lles cobraba aos vendedores-, non presentou nunca a obrigatoria relación de vendedores e vendedoras nin dos produtos que vendían, e causou múltiples problemas ao vecindario debido ao descontrol á hora da montaxe dos postos.

Tamén desde o primeiro momento, o BNG denunciou esta situación ante os ouvidos xordos e a paralización do goberno municipal do PP. E pasaron seis anos, cos problemas repetíndose e as arcas municipais sen cobrar os 72.000 euros que lles adebeda a anterior empresa concesionaria. Magnífico exemplo de boa xestión !

Non foi até o mes de agosto, cando as irregularidades do mercadillo lle trouxeron problemas legais ao alcalde, que o PP se decide a rescindir o contrato á empresa concesionaria. Houbo que agardar seis anos e perder 72.000 euros para que o alcalde exercese como tal. Esta pasividade só se pode entender por dous motivos, os dous igualmente preocupantes: ou o alcalde era comprice e consentidor dos incumprimentos da empresa ou o representante da empresa tomou de “pitorreo” ao Concello como institución e ao seu alcalde como máximo representante da mesma.

As propostas do BNG para un novo convenio

O BNG considera positivo que exista un mercadillo en Barro. E o mellor sería que o xestionase directamente o Concello, pero somos conscientes que o goberno municipal sería incapaz de realizar unha boa xestión do mesmo. Por iso van privatizar a xestión.

Pero o novo prego de condicións non pode ser o mesmo, nin mesma pode ser a deixación de funcións da administración. Desde o BNG consideramos que o novo convenio debía contemplar os seguintes aspectos::

- Dar prioridade aos comerciantes e vendedores ambulantes de Barro á hora de instalar os postos.

- Cambiar o mercadillo para evitar as molestias que se ocasionan na actual ubicación ou, cando menos, alonxalo máis dos edificios.
- Non permitir que os anteriores xestores se fagan coa nova concesión, ben directamente, ben mediante empresas interpostas, mentres non abonen as débedas contraídas co Concello.

É evidente, ademais, que si unha nova empresa colle a xestión do mercadillo, o goberno municipal non debe permitir que incumpra o prego de condicións.

Por iso o BNG considera que, en caso de incumprimento do contrato, debe serlle retirada a concesión de xeito inmediato.

O BNG demanda a mellora e ampliación de usos das instalacións deportivas

É de sobra coñecida a escasez de instalacións deportivas que temos no noso concello. E tamén que estas non se aproveitan como deberían. Todas e todos lembraredes que hai anos tivemos un pavillón que pudría por falla de uso. E que houbo que construír un novo que, a pesar das súas potencialidades, a día de hoxe está claramente infrautilizado.

Aproveitar as infraestruturas, ampliar os usos

Entre as poucas instalacións coas que contamos está unha pista de tenis de recente construción, que ten un enganche eléctrico en precario que imposibilita aos usuarios o encendido do alumado da pista, algo fundamental nos meses en que as horas de luz natural comezan a escasear, e carece de vestiarios e servizos na súa contorna.

Para solucionar estes problemas e ao mesmo tempo ampliar o número de pistas e posibilitar o seu uso en días de chuvia, o BNG vén de solicitar que o Concello habilite pistas de tenis no pavillón -que está preparado para celebrar nel diversos deportes-, para o que só é preciso mercar as redes e pintar o terreo de xogo. Ademais, deste xeito se lle facilitaría o traballo ao clube de tenis de Barro á hora de organizar as competicións.

Campo de fútbol e terreos anexos

Non sen tempo, a Deputación está a elaborar o proxecto de campo de herba sintética para Barro. Aproveitando este feito o BNG solicítalle á Deputación que habilite o espazo que queda sen ocupar ao norte do campo de fútbol como unha pista multiusos na que poder practicar diversos deportes.



O BNG solicita o asfaltado da pista que vai do Outeiro ao Concello, en Agudelo

Cando se executan obras deben facerse de xeito que os cartos públicos non se despilfarren. Isto ven a conto porque recentemente se ancheou a pista que vai dende Outeiro ao Concello, na parroquia de Agudelo, sen dotala dun bo firme, o que pode levar a que as chuvias do inverno desfagan o que se acaba de facer.

O BNG solicitou do goberno municipal que se proceda a asegurar o firme que se ancheou e o seu asfaltado



O BNG solicita a posta en valor do castro da Chan, en Agudelo

O BNG vén de solicitar que se inclúa o castro do monte da Chan no plan da Deputación para a recuperación, escavación e posta en valor do patrimonio histórico da provincia.

O Concello de Barro é o único con castros que non está incluído neste Plan, a pesar de que as escavacións realizadas en 2007 deixaron claro a grande riqueza patrimonial deste castro sito na parroquia de Agudelo.

@s pensionistas en pé contra o roubo das súas pensións

O BNG mostra a súa total oposición ao roubo premeditado e masivo que o Partido Popular no Goberno pretende facer ás pensións, que se ven a sumar aos xa feitos coas reformas laborais, coas preferentes, cos servizos públicos, c@s desafiuzados...

En Galiza hai máis de 90.000 fogares con todos os seus membros no paro, máis de 20.000 fogares nos que non entra ningún ingreso, 662.000 fogares no limiar da pobreza.

Neste contexto **o Goberno de Mariano Rajoy ven de tomar a decisión de saquear as pensións.** Tomaron a decisión de sacar 33.000 euros dos fondos que estaban destinados ás mesmas, o que ten como consecuencia a súa rebaixa, desvalorizalas, baixar a renda d@s pensionistas, en suma a perda de poder adquisitivo. O cálculo que estiman as centrais sindicais é que a perda será entre un 20 e un 30%, co que unha pensión media pode verse reducida en arredor de 1.500 euros anuais.

E por outro lado **deciden facer caixa tamén a costa das pensións das persoas que estiveron na emigración.** O PP a través da Axencia Tributaria ven de declarar defraudadores a este colectivo formado só en Galiza por máis de 200.000 persoas. Estalles a reclamar as cantidades que segundo eles terían que ter declarado desde 2008 con intereses de demora, con sancións (a cuantía media a pagar é de entre 10.000 e 15.000 euros). É inmoral, indecente, indigno que se lles estea a reclamar estas tributacións cando a información que se lles deu durante estes anos, tanto na propia Axencia Tributaria, como nos consulados ou xestorías, era que estas pensións non tributaban.

Estas medidas son especialmente mesquiñas, primeiro porque as pensións son o único ingreso que entra en moitos fogares, segundo datos do propio Instituto Galego de Estatística case 375.000 fogares en Galiza só teñen ingresos procedentes de prestacións das que as pensións son unha parte fundamental, e segundo porque se suma a outras medidas tamén tremendamente inxustas, como son o copago polos medicamentos, polo transporte sanitario non urgente, polo material ortoprotésico, a suba do iva, da auga, da luz, dos carburantes...



Estas dúas medidas van ser especialmente lesivas para **Galiza xa que temos as pensións máis baixas do Estado español, e unha maior porcentaxe de pensionistas en relación á súa poboación.** Supoñen un dobre roubo, roubo a cada un/unha d@s 740.000 pensionistas galegas e roubo a Galiza, porque son cartos que van para Madrid e deixan de investirse aquí. **Espolio á clase traballadora e espolio a Galiza.**

Mentres lle teñen metido aos bancos máis do dobre da cantidade que lle rouban agora ás pensións, teñen declarado amnistías fiscais para @s defraudador@s, o PP actúa coa maior das durezas, das crueldades contra @s que cometeron o único delito de traballar duramente toda unha vida, no caso d@s emigrantes lonxe da terra.

Estamos diante dunha decisión ideolóxica onde **o Partido Popular toma a decisión de atacar os dereitos dos sectores máis desfavorecidos, os que están a padecer con máis dureza a crise para potenciar os plans de pensións privados e drenar aínda máis cartos dos impostos de tod@s para os bancos.**

O BNG está a facer unha intensa campaña tanto de información @s afectados, como de iniciativas institucionais tanto para denunciar esta situación como para esixir do goberno do PP a rectificación destas medidas.

Como contactar co BNG Barro
Teléfono: 620.262.802
bngbarro@gmail.com

Como contactar co BNG Nacional
Sede Nacional. Avda. Rodríguez de Viguri 16, baixo
15703 Santiago de Compostela. 981555850
www.bng-galiza.org
nacional@bng-galiza.org

